

Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá

XUNTA DE GALICIA

PRESENTACIÓN

A transcendencia dos cambios sociais e a experiencia acumulada ao longo dos últimos anos sinalaron a conveniencia de asumir un novo concepto de atención temperá, baseado nos dereitos dos nenos e nenas, na igualdade de oportunidades e na participación social. Un concepto, ademais, centrado nas necesidades da familia e na prestación dos servizos nos contornos naturais da vida destes nenos e nenas.

A publicación do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, significou un punto de inflexión na consideración da atención temperá, por facer realidade un espazo compartido de coordinación e corresponsabilidade entre o sistema de saúde, o sistema educativo e os servizos sociais. Estes aspectos comportan unha acción integral destinada a satisfacer os dereitos e as necesidades dos nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos e das súas familias, así como á súa prevención.

O sistema sanitario, o sistema educativo e os servizos sociais deben establecer mecanismos de coordinación eficaces na atención a estes menores e evitar, en todo momento, a posibilidade de fragmentación como consecuencia da intervención de múltiples axentes. Deben, ao mesmo tempo, garantir a continuidade do proceso, facendo da detección, derivación, seguimento e/ou intervención os obxectivos centrais na coordinación da protección dos e das menores de 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos.

Co obxectivo de establecer esa debida coordinación, procurar a complementariedade das intervencións e garantir un modelo único de intervención, foi elaborado o presente protocolo, froito do traballo interdisciplinario e colaborativo do persoal especialista e técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Consellería de Sanidade e da Consellería de Traballo e Benestar.

Este protocolo de coordinación deséñase como unha ferramenta de traballo útil para os profesionais que participan na atención a nenos e nenas de 0 a 6 anos con

trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos, e garante unha actuación transversal que resulta transcendente para o seu progreso dun xeito continuado.

A experiencia da coordinación interdepartamental continuará nos traballos que aínda quedan por diante para acadar os obxectivos propostos polos tres departamentos ata a consolidación da Rede de atención temperá de Galicia.

Jesús Vázquez Abad	Rocío Mosquera Álvarez	Beatriz Mato Otero
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	*Conselleira de Sanidade*	*Conselleira de Traballo e Benestar*

INTEGRANTES DO GRUPO DE TRABALLO

Alonso Bidegaín, Miguel
Adxunto especialista en medicina de rehabilitación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC). Servizo Galego de Saúde (SERGAS)

Busto Domínguez, Teresa
Pedagoga da Unidade de atención temperá.
Concello de Noia.

De La Sierra Vázquez, Carmen
Traballadora Social.
Secretaría Xeral de Política Social. Consellería de Traballo e Benestar Social

González Colmenero, Eva
Facultativa especialista de área de Pediatría, Neonatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI).
Servizo Galego de Saúde (SERGAS)

Martínez Varela, Flor
Xefa de Sección da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Xerencia do Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Consellería de Sanidade

Montero Gamarra, Gema
Psicóloga do Servizo de Familia e Conciliación.
Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Consellería de Traballo e Benestar

Orgeira Naya, Carmen
Subdirectora xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia. Secretaría Xeral de Política Social. Consellería de Traballo e Benestar

Ponte Mittelbrunn, Jaime
Médico especialista en medicina de rehabilitación da Oficina integrada de dependencia e discapacidade de Ferrol. Consellería de Traballo e Benestar Social

Queiro Verdes, Teresa
Subdirectora xeral de Planificación e Programación Asistencial
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Consellería de Sanidade

Rey Fernández, Manuel
Xefe do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Vázquez Vázquez, Purificación
Xefa do Servizo de Prevención da Dependencia
Secretaría Xeral de Política Social. Consellería de Traballo e Benestar

Ventosa Rial, José Javier
Xefe do Servizo de Procesos e Programas Asistenciais
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Consellería de Sanidade

Vila López, Manuel
Subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN E OBXECTIVOS 1
2. METODOLOXÍA 4
3. DEFINICIÓNS 5
4. FLUXOGRAMA DO PROCESO DE ATENCIÓN TEMPERÁ 6
5. PROTOCOLO DE COORDINACIÓN, INTERVENCIÓN E DERIVACIÓN 7
5.1. PROCESO DE DETECCIÓN PRECOZ E DE DERIVACIÓN 8
5.1.1 FASE DE DETECCIÓN PRECOZ 8
5.2. PROCESO DE VALORACIÓN E INTERVENCIÓN 15
5.2.1. FASE DE ACOLLIDA 15
5.2.2. FASE DE VALORACIÓN 17
5.2.3. FASE DE INTERVENCIÓN 18
5.2.4. FASE DE AVALIACIÓN 20
5.2.5. FINALIZACIÓN DO SERVIZO 22
ANEXOS 24
FORMULARIOS DE SOPORTE 44
TÁBOA DE DESENVOLVEMENTO HAIZEA LLEVANT 51

1. INTRODUCIÓN E OBXECTIVOS

O Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, expón a necesidade de elaborar unha normativa que permita crear un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais na procura dunha acción integral, destinada a satisfacer os dereitos e necesidades dos/as nenos/as con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e as súas familias. Ao mesmo tempo formula a necesidade de regular os servizos de atención temperá como unha rede integral de responsabilidade pública e de carácter universal rexido polos principios reitores de igualdade, coordinación, atención personalizada, integración social, interese superior do/da menor, prevención, autonomía persoal e participación, descentralización, proximidade, interdisciplinariedade e alta cualificación profesional, diálogo e participación familiar e calidade.

A creación desta rede supón un paso máis no proceso de consolidación dos recursos de atención temperá actualmente existentes en Galicia e ao mesmo tempo, a través do desenvolvemento normativo correspondente, regularase a integración e a incorporación de novos servizos e programas.

Nesta liña elabórase o presente protocolo de coordinación para a atención temperá de Galicia, co obxectivo de dispor dun instrumento común no traballo que desenvolvan os servizos de atención temperá que integren a Rede galega de atención temperá.

De acordo co establecido na Disposición adicional segunda do citado Decreto 183/2013, establécese un prazo de seis meses para que a Comisión Autonómica de Atención Temperá aprobe, a proposta da Comisión Técnica, un protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional, co obxectivo de establecer a debida coordinación, coherencia e optimización dos servizos dos sistemas sanitario, de educación e de servizos sociais, procurar unha complementariedade das intervencións, evitar a duplicidade de servizos e

garantir, en todo caso, un único modelo de intervención. Así mesmo, establece que "o protocolo de coordinación deberá recoller a metodoloxía das actuacións en atención temperá segundo o disposto no artigo 4 deste decreto.

Neste sentido o dito artigo 4 establece que a atención temperá se desenvolve como unha atención especializada, multidisciplinar, e as actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipamentos interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos, que seguirán un modelo metodolóxico común de actuación:

a) Detección precoz dos trastornos do desenvolvemento ou das situacións de risco de padecelos.

b) Valoración e intervención interdisciplinaria e transdisciplinaria a través das fases de acollida, valoración, intervención e avaliación.

c) Identificación e rexistro do trastorno do desenvolvemento, competencias persoais, factores contextuais, barreiras e facilitadores para o progreso na autonomía persoal e a inclusión social, seguindo o modelo conceptual común da CIF-IX (Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde). Esta documentación estará incorporada nun expediente único de acordo co disposto na disposición adicional terceira.

d) Elaboración e seguimento dun plan personalizado de intervención e formulación coa familia dun contrato asistencial de actividades e apoios específicos. Que recolla os dereitos e obrigas de ambas as partes, así como os recursos que se porán á disposición do/da menor.

e) Coordinación cos recursos dos servizos sociais, educativos e sanitarios relacionados cos procesos referidos.

f) Autonomía persoal: consideración permanente das persoas destinatarias como suxeitos activos das actuacións que traten de facilitar o seu desenvolvemento persoal.

g) Atención personalizada: adecuación flexible do servizo ás situacións e necesidades particulares das persoas destinatarias.

h) Atención especializada multidisciplinar: as actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipos multidisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos.

Dentro dese marco normativo, e coas finalidades descritas, elabórase o presente protocolo.

2. METODOLOXÍA

Segundo o establecido no artigo 16 do Decreto 183/2013, a elaboración do protocolo de coordinación correspóndelle á Comisión Técnica de Atención Temperá. Esta comisión está integrada por persoal técnico representante dos tres departamentos implicados: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Sanidade e Consellería de Traballo e Benestar; así mesmo, para a elaboración do presente protocolo tamén se contou coa participación de profesionais expertos, de acordo co disposto no apartado 6 do antedito artigo.

No seo desta comisión técnica leváronse a cabo os traballos de elaboración de protocolo que se iniciaron cunha busca de información por parte de todas as persoas integrantes, revisando os protocolos de actuación existentes nas distintas comunidades autónomas e a evidencia científica actual sobre as actuacións na atención temperá.

A metodoloxía de traballo formúlase como participativa, centrada no/na neno/a e a súa familia, e partindo da realidade actual desenvólvese a coordinación, a intervención e a derivación no ámbito da atención temperá.

3. DEFINICIÓNS

ATENCIÓN TEMPERÁ:

Enténdese a atención temperá como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e que ten por obxectivo darlles resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.


TRASTORNO DO DESENVOLVEMENTO:

Enténdese por trastorno do desenvolvemento, aquelas situacións nas que como consecuencia dunha alteración das estruturas ou funcións corporais, restricións na participación social ou calquera outro factor contextual, se produce un atraso ou desviación significativos no desenvolvemento das capacidades, adquisicións e recursos persoais típicos para a idade de referencia.

SITUACIÓNS DE RISCO:

Enténdense por situacións de risco de padecer un trastorno no desenvolvemento, aquelas circunstancias de vulnerabilidade evolutiva que requiren intervención pola descompensación negativa entre factores de risco e protección.

4. FLUXOGRAMA DO PROCESO DE ATENCIÓN TEMPERÁ



AT: Atención temperá
PPI: Plan personalizado de intervención

5. PROTOCOLO DE COORDINACIÓN, INTERVENCIÓN E DERIVACIÓN

O artigo 3 e) do Decreto 183/2013, destaca que a coordinación é un principio reitor da Rede galega de atención temperá e que o sistema sanitario, educativo e os servizos sociais están directamente implicados na protección de menores e deben establecer mecanismos de coordinación eficaces para optimizar os recursos humanos e económicos, evitando en todo momento a fragmentación que poida darse como consecuencia da intervención de múltiples axentes, entidades ou profesionais, así como garantir a continuidade do proceso: a detección, derivación, seguimento e/ou intervención como obxectivos centrais na coordinación na protección dos menores de 6 anos.

Así mesmo, na disposición adicional segunda establécese que o protocolo de coordinación deberá recoller a metodoloxía das actuacións en atención temperá segundo o disposto no artigo 4 deste decreto; metodoloxía que inclúe a detección precoz, a valoración e intervención interdisciplinaria e transdisciplinaria, a través das fases de acollida, valoración, intervención e avaliación, a identificación dos trastornos do desenvolvemento, a elaboración e seguimento do plan personalizado de intervención e a coordinación dos recursos dos servizos sociais, educativos e sanitarios relacionados cos procesos referidos.

En consecuencia o protocolo de coordinación deberá afrontar a continuidade e a coordinación dos procesos, así como as derivacións interinstitucionais que faciliten esa coordinación de maneira eficaz.

5.1. PROCESO DE DETECCIÓN PRECOZ E DE DERIVACIÓN

5.1.1 FASE DE DETECCIÓN PRECOZ

Obxecto

O artigo 4 do Decreto 183/2013 dispón que a atención especializada multidisciplinar debe seguir un modelo metodolóxico de actuación, no que se inclúe a detección precoz dos trastornos do desenvolvemento ou das situacións de risco de padecelos.

Ámbito

- Sistema de servizos sociais, educativo e sanitario (pediatría de atención primaria e de atención hospitalaria)
- Familias

Procedemento

As diferentes administracións responsables dos servizos sociais, educativos e sanitarios impulsarán, no seu ámbito de actuación, programas de prevención primaria, secundaria e terciaria dirixidos á promoción dos factores de protección, á prevención dos factores de risco que inciden no desenvolvemento e á detección e derivación das persoas de 0-6 anos que poidan precisar atención temperá.

No caso de sospeita de necesidades relacionadas co desenvolvemento, ou de situación de vulnerabilidade que lle poida afectar negativamente ao proceso evolutivo da persoa menor, os profesionais dos sistemas de protección, sanitario, social e educativo, e as familias deberán canalizar as situacións detectadas a través dos servizos de pediatría. A través dos servizos de pediatría de atención primaria cando a situación sexa detectada no ámbito comunitario polas propias familias, por profesionais de escolas infantís ou de educación de primeiro ou segundo ciclo, polos servizos sociais comunitarios ou especializados, programas de educación familiar, recursos sanitarios de atención primaria e outros axentes dos diferentes sistemas. E a

través dos servizos de pediatría de atención hospitalaria cando a detección teña lugar no ámbito hospitalario.

No sistema educativo a detección precoz do alumnado con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos que deba ser atendido polos servizos de atención temperá centrarase no alumnado do 2º ciclo de educación infantil e de 1º ciclo se fose o caso, respecto do cal se debe:

a) Prestar atención, ao desenvolvemento da autonomía da nena e do neno, á creación dos primeiros vínculos sociais e á conquista da linguaxe.
b) Considerar o grao de desenvolvemento das capacidades básicas, correspondentes ao momento evolutivo, no proceso de avaliación inicial e no informe anual de avaliación individualizado.
c) Informar regularmente os pais e nais, persoas titoras ou gardadoras, sobre os progresos e dificultades detectados e ter en conta as informacións que estas persoas proporcionen.
d) Asesorar, por parte dos servizos de orientación, a totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas que cómpre adoptar e na súa avaliación.
e) Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que procedan e trasladar ao correspondente informe psicopedagóxico, entre outras cousas, información sobre a situación evolutiva e educativa da alumna ou do alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias e o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe.
f) Asesorar e informar as familias sobre os servizos sanitarios e sociais ao seu alcance.
g) Proporcionarlles ás familias copia do informe psicopedagóxico.

No sistema sanitario a detección de signos de alerta, que constitúen posibles indicadores de trastornos no desenvolvemento infantil, debe estar presente no

traballo cotián de todos os profesionais sanitarios cunha actitude de alerta e busca activa de síntomas ou signos que os leven a sospeitar de necesidades relacionadas co desenvolvemento.

Na detección precoz hai que destacar a importancia do diagnóstico e tratamento prenatais, así como da identificación anticipada de calquera problema de desenvolvemento ao longo do ciclo vital de nenos e nenas. Implica pois, a todos os profesionais sanitarios que participan no seguimento do embarazo e parto, así como aos que participan no seguimento e atención dos e das menores ao longo da idade pediátrica.

Están deseñados programas específicos dirixidos a:

- Educar para a saúde.
- Detectar e diagnosticar factores de risco previos ao embarazo (a planificación familiar e consello preconcepcional).
- Atender a muller embarazada.
- Informar e sensibilizar en factores de risco os futuros pais sobre o normal desenvolvemento do neno e as súas necesidades, así como sobre posibles signos de alerta.
- A saúde materno-infantil.
- Realizar prevención, nas unidades de neonatoloxía, coa potenciación dos coidados centrados no desenvolvemento e a detección precoz do bebé que acaba de nacer, candidato/a á atención temperá antes da alta hospitalaria.
- Darlle continuidade á prevención e facilitarlles información ás familias dende a atención primaria, por medio dos controis de saúde do programa do neno san e a función de consultor-informador do equipo pediátrico, promovendo a detección precoz dos trastornos no desenvolvemento.

No sistema de servizos sociais a detección precoz das situacións de vulnerabilidade evolutiva e trastornos do desenvolvemento prodúcese en tres escenarios principais:

- A Rede de escolas infantís de Galicia. As escolas infantís como recursos de carácter socio-educativo que atenden a nenos e nenas do primeiro ciclo de educación infantil de 0-3 anos, xogan un papel fundamental na detección precoz de trastornos do desenvolvemento ou das situacións de risco de padecelos. Os procesos de socialización e de relación que establecen na escola infantil os nenos e as nenas co seu grupo de iguais e co persoal educativo, así como a estreita e imprescindible colaboración destes profesionais coas familias, converten a escola infantil nun contexto excepcional para a observación e o seguimento dos procesos evolutivos.
- A Rede de servizos sociais comunitarios. Dende os servizos sociais comunitarios, presentes en todos e cada un dos concellos de Galicia, realízase de xeito cotián un traballo de prevención comunitario e identificación de situacións sociais de exclusión ou risco, diagnóstico, información e asesoramento social personalizado a través dos programas que lle son propios, tanto nos servizos sociais comunitarios básicos como nos específicos, sobre todo:
  - Programa de valoración, orientación e información
  - Servizo de axuda no fogar (SAF)
  - Programa básico de inserción social
  - Programa de fomento da cooperación e solidariedade social
  - Servizo de educación e apoio familiar, que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

- A Rede de servizos sociais especializados. A través dos equipos multidisciplinarios de valoración da dependencia e da discapacidade e das súas carteiras de servizos identifícanse os menores nas anteditas situacións ou en risco de padecelas e recoñécese un amplo abano de axudas e prestacións entre os que cómpre destacar o propio servizo de atención temperá para nenos en situación de dependencia e as libranzas para as persoas coidadoras. A través dos equipos técnicos do menor, pola súa parte, detéctase, canalízase e oriéntase todo o sistema de amparo aos menores en situación de desprotección, os procesos de tutela, mediación, intervencións de apoio familiar, acollemento e adopción, sendo dispositivos esenciais para a prevención e a intervención.

Soportes

Formulario de derivación aos servizos de Pediatría por sospeita de problemas no desenvolvemento

Indicadores de supervisión

N.º de nenos/as derivados/as aos servizos de pediatría/orixe/idade/motivo

5.1.2. FASE DE DERIVACIÓN

Obxecto

A regulación do acceso aos servizos dos tres sistemas implicados e as accións que se desenvolverán, que conforme ao Decreto 183/2013, planificaranse de forma coordinada, de conformidade co protocolo de coordinación, intervención e derivación.

Ámbitos

- Pediatría de atención primaria de saúde e de atención hospitalaria
- Familias
- Unidades de atención temperá hospitalarias

- Centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá, do Sistema de servizos sociais
- Servizos de orientación educativa

Procedementos

Os servizos de pediatría de atención primaria ou especializada desenvolverán os procesos diagnósticos que lles corresponden e no caso de confirmar a sospeita de trastorno no desenvolvemento ou de vulnerabilidade evolutiva que cumpran cos criterios de entrada á Rede Galega de Atención Temperá [1] derivarán o menor e a súa familia ao equipamento de referencia de conformidade co previsto no artigo 10 do Decreto 183/2013:

a) Ás unidades de atención temperá existentes nos complexos hospitalarios cando o menor resida na área de neonatoloxía, cando pola súa condición de saúde precise atención, coidados, rehabilitación, ou asistencia hospitalaria de longa duración. Así como cando a unidade hospitalaria sexa o recurso de proximidade para o menor e a súa familia.
b) Aos centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá do Sistema de servizos sociais, do seu ámbito comunitario, cando estes sexan o recurso de proximidade para o menor e a súa familia, sempre que non sexan susceptibles de atención hospitalaria.

Estas unidades e centros de referencia de atención temperá, cada unha no seu ámbito, realizarán o conxunto de actuacións de valoración e intervención previstas en colaboración coas familias e outros recursos sociais, educativos ou sanitarios. Darán conta destas actuacións ao departamento correspondente, os que a súa vez informarán, mediante memoria anual, á Comisión Técnica e ao Consello Autonómico de Atención Temperá.

[1] Anexo 1 deste documento

Para o acceso aos servizos, a familia ou as persoas titoras ou gardadoras das e dos menores, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, deberán asinar a solicitude de atención, o contrato asistencial e programa personalizado de intervención en atención temperá así como, cando sexa o caso, a baixa voluntaria na intervención destas unidades.

O Consello Autonómico de Atención Temperá, por medio da Comisión Técnica de Atención Temperá, manterá actualizado e a disposición pública o directorio de equipamentos interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos da Rede Galega de Atención Temperá[2], no que constará a súa localización e os ámbitos hospitalarios e/ou comunitarios aos cales cada un deles estea referenciado.

Soportes

Formulario de derivación de pediatría ás unidades de AT.

Directorio de equipamentos interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos da Rede Galega de Atención Temperá.

Memorias de actividades das unidades de AT.

Indicadores de supervisión

- N.º de nenos/as derivados/as ás unidades de atención temperá/orixe/idade/motivo.
- N.º de derivacións finalmente non susceptibles de tratamento no ámbito da atención temperá.

[2] Anexo 4 deste documento

5.2. PROCESO DE VALORACIÓN E INTERVENCIÓN

Obxecto

A partir da confirmación e derivación polos servizos de pediatría dun trastorno ou atraso no desenvolvemento iniciarase a valoración e intervención interdisciplinaria e transdisciplinaria. Esta valoración e intervención realizarase a través das fases de acollida, valoración, intervención e avaliación e desenvolverase como unha atención especializada multidisciplinar. As actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipos interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos e estarán centradas nas persoas; menores destinatarias e as súas familias como suxeitos activos da intervención que tratan de facilitar o seu desenvolvemento persoal e deben recibir unha atención personalizada que se adecúe de forma flexible ás súas necesidades.

5.2.1. FASE DE ACOLLIDA

Obxecto

É aquela na que se recolle a demanda de intervención, realízase a primeira entrevista e as hipóteses iniciais sobre a situación e necesidades evolutivas do menor, competencias familiares e factores contextuais que poidan influír no desenvolvemento persoal e na inclusión social.

Ámbito

- Unidade de Atención Temperá Hospitalaria
- Centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá do Sistema de servizos sociais
- Servizos de orientación educativa
- Familias

Procedemento

As familias realizarán a demanda e asinarán a solicitude de atención temperá xuntando necesariamente o informe de derivación realizado polo/a pediatra de atención primaria ou especializada. No momento de presentar a instancia, se conta cos requisitos esixidos, procederase a abrir o expediente único de atención temperá.

O equipo interdisciplinario da unidade decidirá cal será o profesional de referencia que debe asumir a interlocución coa familia e a consulta de acollida.

A consulta de acollida terá en consideración:

a) Que lle deberá ofrecer á familia un espazo de expresión e toma en consideración das súas preocupacións en relación co desenvolvemento do seu fillo ou filla.
b) Que servirá para iniciar o proceso de valoración, intervención e acompañamento da familia.
c) Que se usará para comezar o estudo e observación da situación do neno ou da nena nas diferentes contornas e para sentar as bases da colaboración entre a familia e o recurso de atención temperá que lle corresponda.
d) Que lles proporcionará ás familias o Manual de acollida do recurso de atención temperá, así como a súa carteira de servizos.
e) Que no curso desta se lle poderá pedir á familia autorización para solicitar información e coordinarse con outros servizos, realizar sesións de observación ou administrar probas complementarias de valoración.
f) Que se lle facilitará á familia información básica sobre o proceso que hai que seguir en relación coa tramitación da valoración de discapacidade e/ou dependencia, de ser o caso. En calquera caso para o inicio destes procesos as familias serán derivadas ao profesional de referencia dos servizos sociais comunitarios que lle correspondan.

Soportes

Expediente único. Aplicación informática integral.

Solicitude de atención temperá.

Díptico da unidade de atención temperá e carteira de servizos.

Manual de acollida e dereitos da unidade.

Indicadores de supervisión

- Tempo de demora (en días) entre data de entrada da solicitude e data da consulta de acollida
- N.º de solicitudes/mes/ano
- N.º de casos/n.º de informes de retorno á/ao pediatra

5.2.2. FASE DE VALORACIÓN

Obxecto

É a fase de posta en común no equipo interdisciplinario da información obtida, da súa valoración e da proposta de intervención.

Ámbitos

- Unidade de atención temperá hospitalaria.
- Centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá do Sistema de servizos sociais.
- Servizos de orientación educativa.
- Familias.

Procedemento

Esa fase desenvolverase da seguinte forma:

a) Na reunión de valoración interdisciplinaria realizarase unha posta en común no equipo, unha avaliación de necesidades e a elaboración dun plan/proposta personalizada de atención (PPI) que se lle dará a coñecer á familia.
b) O PPI fará referencia a:

1. Obxectivos e expectativas da intervención.
2. Atencións, recursos e medios necesarios e ámbito de realización.
3. Liñas de actuacións de cada persoa ou profesional.
4. Coordinacións previstas con outras persoas e/ou profesionais que interveñan no plan.

c) O PPI será presentado pola persoa coordinadora de caso á familia coa finalidade de concretalo tomando en consideración as situacións e necesidades particulares.

d) O PPI acordado coa familia especificará as actividades e apoios específicos e recollerá os dereitos e obrigas das partes así como os recursos que se porán a disposición do menor.

e) Unha copia do PPI seralle entregada á familia, outra remitida ao pediatra que realizou a derivación e aos profesionais que interveñen no plan.

Soportes

Modelo de plan personalizado de intervención.

Indicadores de supervisión

- Tempo de demora entre a data da consulta de acollida e a data de sinatura do PPI
- N.º de PPI/mes/ano/n.º de casos.

5.2.3. FASE DE INTERVENCIÓN

Obxecto

É a fase de execución do PPI mediante o conxunto de atencións, recursos e medios específicos que se dirixan aos/ás nenos/as, ás súas familias e ao seu contorno para a consecución dos obxectivos acordados.

Ámbitos

- Unidade de atención temperá hospitalaria.

- Centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá do Sistema de servizos sociais.
- Persoa coordinadora de caso.
- Outros servizos dispoñibles e que participan no desenvolvemento do PPI.
- Familias.

O conxunto de atencións, recursos e medios específicos dirixidos aos/ás nenos/as, ás súas familias e ao seu contorno serán establecidos polas consellerías competentes en materia de servizos sociais, educación e sanidade, no desenvolvemento do catálogo de servizos en atención temperá, logo de proposta do Consello Autonómico da Atención Temperá.

Procedemento

Nesta fase a persoa coordinadora de caso:

a) Programa e pon en marcha as medidas específicas de apoio que lle corresponden dentro da carteira de servizos da súa unidade.
b) Monitoriza o desenvolvemento do PPI.
c) Informa de forma regular a familia, o pediatra que realizou a derivación, os membros do seu equipo e o conxunto das persoas e profesionais que participan no plan. Realiza informes a petición sobre o seu grao de cumprimento.
d) Préstalle atención á identificación de factores que poidan facilitar ou dificultar o progreso do menor así como a aparición ou desaparición de sucesos e indicadores de avance ou retroceso cara ás metas definidas.
e) Promove as observacións, cuestionarios e accións complementarias que poidan servir para mellor identificar as necesidades do menor, da súa familia, e do contorno. Facilita a administración da escala EVE (escala de valoración específica de dependencia para menores de 3 anos) aos menores susceptibles de ser recoñecidos en situación de dependencia.
f) Mantén ao día a folla de evolución do caso, as medidas específicas e as incidencias habidas.

g) Procura a participación activa do menor e da súa familia, acolle as súas preocupacións e demandas.

h) No caso de que o menor estea escolarizado, apoia a familia no proceso de escolarización e promove a comunicación activa cos recursos educativos para a coordinación das actuacións nos diferentes contextos.

Soportes

Modelo de folla de evolución

Indicadores de supervisión

- N.º tipo e intensidade de medidas específicas
- N.º de persoas atendidas: total/n.º casos
- N.º de accións de coordinación: total/n.º de casos
- N.º de informes emitidos: total/n.º de casos

5.2.4. FASE DE AVALIACIÓN

Obxecto

Na fase de avaliación realízase a revisión do PPI, examínase o grao de cumprimento dos seus obxectivos e o resultado das medidas realizadas.

Ámbitos

- Unidade de atención temperá hospitalaria
- Centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá do Sistema de Servizos Sociais
- Servizos de orientación educativa
- Persoa coordinadora de caso
- Outros servizos dispoñibles e que participan no desenvolvemento do PPI
- Familias

Procedemento

A persoa coordinadora de caso realizará, periodicamente, revisións e actualizacións do PPI, da situación e necesidades evolutivas do menor, das competencias familiares e dos factores contextuais identificados pola súa influencia no desenvolvemento persoal e na inclusión social. Esta revisión desenvolverase nas modalidades ordinaria ou de transición, segundo se detalla a continuación:

a) Revisión ordinaria:
    1. Repasa a folla evolutiva, os informes achegados e as incidencias habidas, reestrutura e sintetiza as informacións e datos nelas contidos.
    2. Avalía o nivel e necesidades evolutivas do menor e administra como mínimo unha nova proba estandarizada de cribado.
    3. Recolle e resume as preocupacións, informacións e intereses manifestados pola familia, actualizadas na correspondente consulta.
    4. Solicita a valoración e, no seu caso, mantén reunións de coordinación cos axentes e recursos dos distintos sistemas de protección que participan no PPI.
    5. Actualiza os obxectivos e acordos e asínase un novo PPI.
    6. No caso de cumprimento dos obxectivos e de non ser necesario un novo PPI, inicia o procedemento de finalización do servizo e redacta o informe correspondente.
b) Revisión de transición. Esta modalidade de revisión realízase cando o/a neno/a e a familia deban afrontar procesos de transición, é dicir, aqueles procesos adaptativos extraordinarios que deban afrontar a familia e o menor:
    1. Ao inicio da escolarización no primeiro e segundo ciclo de infantil.
    2. Diante dun cambio de residencia que implique a modificación de toda ou unha grande parte do seu sistema previo de apoios.
    3. En presenza de enfermidades graves ou calquera outra circunstancia excepcional que cambie de forma repentina os contextos ordinarios nos que se desenvolve a vida do menor.

Nesta modalidade de revisión a persoa coordinadora de caso, emite o informe de revisión ordinario e trasládao ao seu equipo que seguirá os protocolos de transición que, para o efecto, acordarán os departamentos con competencias sobre os servizos que realicen a transición.

Soportes

Modelo de folla de revisión

Indicadores de supervisión

- N.º de revisións ordinarias e de transición (absolutos e relativos)

5.2.5. FINALIZACIÓN DO SERVIZO

A finalización do servizo debe concordar con algunha das causas que se citan no artigo 12 do Decreto 183/2013:

a) Cumprimento dos obxectivos establecidos, logo de verificación desta circunstancia
b) Facer os 6 anos de idade. A atención estenderase ata a data da finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior ao remate do curso.
c) Por vontade expresa de pai, nai, ou representante legal.
d) Incumprimento das normas establecidas para unha correcta prestación do servizo cando a normativa reguladora da prestación do servizo prevexa a dita sanción.
e) Calquera outra causa establecida nunha norma con rango de lei ou decreto.

Cando iso se produza, a persoa coordinadora do caso deberá:

